



ACTA Nº 2023/7 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás once horas da mañá do día dezasete de xuño dous mil vinte e tres, reúnese en primeira convocatoria os membros elixidos nas eleccións locais celebradas o día vinte e oito de maio do ano dous vinte e tres, que se citan a continuación: Brais Prieto Verdial, Rocio Martinez Martinez, Maria Dolores Pita Anca, Julian Blanco Rodriguez, Alberto Rey Paz, Maria Amalia Diaz Rodriguez, Dario Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñon e Diego Graña Pérez .

1.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE . En cumprimento do disposto no artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral, procedese á formación da mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, quedando constituída por concelleiro asistente de menor idade, D^a Julian Blanco Rodriguez, e por D^a Maria Amalia Díaz Rodríguez, concelleira de maior idade, que preside a mesa, e como secretaria Paula Díaz Tie, secretaria do concello. Deseguido, procedese a revisión das credenciais presentadas, comprobándose que se presentaron nove credencias dos concelleiros presentes neste acto, polo que a mesa de idade declara constituída a corporación

2.- PROMESA OU XURAMENTO DOS CONCELLEIROS . TOMA DE POSESIÓN. En cumprimento do disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica de Réxime Electoral, os concelleiros electos proceden a a prestar xuramento ou promesa dos seus cargos, na forma establecida no Real Decreto 707/1979 do 5 de abril, declarando a Presidenta da mesa de idade constituída a Corporación.

3.- ELECCIÓN DE ALCALDE . En cumprimento do disposto no artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime electoral e previo acordo por unanimidade dos membros da corporación, procedese a iniciar a votación ordinaria para a elección de alcalde, unha vez rematada a votación o escrutinio dos votos arroxou o seguinte resultado: cinco votos a favor de D Alberto Rey Paz dos concelleiros electos Alberto Rey Paz, Maria Amalia Diaz Rodriguez, Dario Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñon y Diego Graña Pérez e, catro, votos a favor de Brais Prieto Verdial, polos concelleiros, Brais Prieto Verdial, Rocio Martinez Martinez, Maria Dolores Pita Anca, Julian Blanco Rodriguez, **polo que resulta electo alcalde do Concello de Cerdido,, D.Alberto Rey Paz, ó acadar a maioría absoluta dos votos .**

4.- PROMESA OU XURAMENTO DO ALCALDE. En cumprimento do disposto no artigo 108 da Lei Orgánica do Réxime electoral, ,D. Alberto Rey Paz, acepta o cargo e promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do concello de Cerdido con lealdade ao Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado .



**Concello de
Cerdido**
As Felgasas, s/n, A
Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)



2023/G010/000008

Acto seguido toma a palabra o Alcalde que cede a palabra ao **Concelleiro Brais Prieto Verdial** que, lle da, a noraboa os concelleiros do partido popular e anuncia qu vaia facer unha oposición leal, dado que o, fundamental, son os, intereses de Cerdido e, deséxalle moitos acertos para o, novo goberno, municipal dado que, van a beneficiar a todo o Concello de Cerdido

O alcalde, toma a palabra para agradecer a presenza das persoas que están no salón de pleno e manifesta que quere recordar e dar as grazas a todas as corporacións que traballaron por Cerdido durante todos estes anos, especialmente aos que xa non están con nós, tamén agradece aos, funcionarios e traballadores, do concello, a colaboración durante estas semanas facilitándome o proceso de transición, agradece as familias polo seu apoio e a súa paciencia, aos que nos acompañan hoxe, e a moitos que nos deixaron durante estes anos e que seguro nos están dando forza e ánimo para afrontar esta nova etapa e anuncia que ten claro que que si estou hoxe aquí é grazas ao apoio dos veciños, ese apoio conseguímolos con un equipo de xente nova e xente con máis experiencia que representa ás tres parroquias, todos cunha gran capacidade de traballo e con moita ilusión neste novo proxecto que traballaron moito durante a precampaña e estou seguro que van seguir traballando durante estes catro anos, gracias compañeiros, tamén, anuncia que quere pedir á oposición, aos concelleiros socialistas a súa colaboración na xestión do concello unha oposición crítica e construtiva é necesaria e dende a oposición tamén se traballa por Cerdido. Anuncia que o noso goberno vai ser de transparencia, de diálogo e de portas abertas cando un veciño entre no concello non se pode ir sen unha resposta ou unha solución, se nese momento non a temos ou no a sabemos, buscarémola, vai ser un goberno do rural e para o rural, pero sen renunciar a modernización e aos avances, o próximo luns 19 empeza unha nova etapa en Cerdido e estou seguro que vai ser de prosperidade e benestar para todos.

E, non habendo mais asuntos na orde do día, a presidencia deu por rematada a sesión sendo as once horas e dez minutos do día 17 de xuño de 2023., . **Do que eu como secretaria, dou fe:**
Asdo .Paula Diaz Tie, co, visto e prace da Alcaldía.